



OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Agosto 2020

CONCELLO DE A CORUÑA
Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña

| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|----------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS | Nº | 26.345 | 49.549 |
| | Var. 20/19 | -53,0% | -53,2% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 62.352 | 112.661 |
| | Var. 20/19 | -55,8% | -56,7% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 2,37 | 2,27 |
| | Var. 20/19 | -6,0% | -7,6% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 49,38% | 47,38% |
| | Var. 20/19 | -33,46 | -29,93 |
| ADR (€) | € | 75,1 € | - |
| | Var. 20/19 | -7,2% | - |
| RevPAR (€) | € | 39,3 € | - |
| | Var. 20/19 | -43,9% | - |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|-------------------------------|------------|---------------|---------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 23.485 | 44.078 |
| | Var. 20/19 | -45,6% | -45,9% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 2.860 | 5.471 |
| | Var. 20/19 | -77,7% | -77,5% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 55.898 | 99.956 |
| | Var. 20/19 | -50,9% | -52,0% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 6.454 | 12.705 |
| | Var. 20/19 | -76,3% | -75,6% |

AGOSTO 2020

- No pasado mes de agosto rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de A Coruña. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 53% e o volume de noites un 56% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Esta notable caída acontecida nun contexto covid19 con pequenos gromos a nivel autonómico e estatal contrasta co incremento rexistrado no pasado ano –do 8,4%- mais da continuidade ás caídas observadas en agosto de 2018. Mantense unha tendencia de irregularidade, acentuada por este escenario covid, que sitúa o nivel final deste mes de agosto en máis de 62 mil noites – dato que supón un mínimo na serie histórica-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores.


- O 90% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 10% restante é de orixe internacional.
- Neste mes de agosto obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 51% o turismo de ámbito nacional e do 76% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 81% do total das noites hoteleiras en agosto do pasado ano ao 90% actual.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media nos hotéis e pensións da cidade. En particular, cae un 6,0% para situarse en preto de 2,4 noites –a segunda cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia, só por detrás do valor rexistrado en Vigo-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 24% en relación ao pasado ano, con catro mil prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón 1.200 prazas menos que en agosto de 2019-.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 82,8% en agosto do pasado ano ao 49,4% deste ano-. A perda supera os 33 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste segundo mes do verán –un 7,2% en particular- situándose en 75,1 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 43,9% para situarse en 39,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Mes de agosto 2012-20



VERÁN 2020

- No pasado verán rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de A Coruña respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 53% e o volume de noites un 57%.
- Esta notable caída mantén o comportamento irregular dos últimos tres anos –en contraste coas subas rexistradas no período 2015-17- e sitúa o nivel final de demanda en mínimos históricos do período estival con preto de 113 mil noites.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores.
- O descenso da demanda prodúcese tanto no mes de xullo –cunha caída do 58%- coma en agosto –cun 56% neste caso-. O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo nos dous meses do verán.
- O 89% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 11% restante é de orixe internacional.
- Neste verán obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 52% o turismo de ámbito nacional e do 76% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 80% do total das noites hoteleiras no verán de 2019 ao 89% actual –a porcentaxe máis elevada da serie histórica-.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, cae un 7,6% para situarse en preto de 2,3 noites –a segunda cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia, só por detrás do valor rexistrado en Vigo-. Cae a estadia media por segundo ano consecutivo perdendo neste período algo máis de dúas décimas.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. O volume de prazas ofertadas cae un 32% en xullo e un 24% en agosto, con máis de mil prazas de diferenza respecto das cifras do pasado ano 2019.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 77,3% no verán do pasado ano ao 47,4% deste ano-. Con todo esta porcentaxe supera en cinco puntos a media dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Verán 2012-20

CONCELLO DE FERROL

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol

| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|----------------------|------------|---------------|---------------|
| VIAXEIROS | Nº | 6.930 | 11.777 |
| | Var. 20/19 | -9,0% | -16,7% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 15.539 | 25.603 |
| | Var. 20/19 | -24,4% | -27,9% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 2,24 | 2,17 |
| | Var. 20/19 | -17,0% | -13,5% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 47,11% | 42,61% |
| | Var. 20/19 | -24,29 | -20,18 |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|-------------------------------|------------|---------------|---------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 5.978 | 10.216 |
| | Var. 20/19 | -3,3% | -13,7% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 952 | 1.561 |
| | Var. 20/19 | -33,8% | -32,2% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 12.743 | 21.858 |
| | Var. 20/19 | -25,7% | -25,9% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 2.796 | 3.744 |
| | Var. 20/19 | -17,9% | -38,0% |

AGOSTO 2020

- No pasado mes de agosto rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 9% e o volume de noites un 24% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes pero inferiores ás dos restantes destinos urbanos de Galicia. Neste sentido Ferrol é a cidade que presenta o mellor comportamento en termos relativos neste segundo mes do verán.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto covid19, contrasta co incremento rexistrado no pasado ano –do 13,3%- mais vai na liña do descenso de 2018 –do 11,5%- . Son, por tanto, tres anos de comportamento irregular que sitúan o nivel deste mes de agosto por encima das 15 mil noites –a cifra máis baixa de cando menos esta década-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso neste mes que coloca o nivel final en sete mil.
- Neste mes o 82% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 18% restante é de orixe internacional.


- En agosto obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 26% o turismo de ámbito nacional e do 18% o internacional –porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta peor comportamento relativo de aí que empeore levemente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 83,4% do total das noites hoteleiras en agosto do pasado ano ao 82,0% actual. A diferenza é moi pequena pero significativa pois Ferrol é a única cidade de Galicia na que o turismo internacional descende con menor intensidade que o nacional, con porcentaxes mesmo baixas para ambos segmentos. O motivo vén do lado da estadia media, que sobe considerablemente para o viaxeiro estranxeiro –nun 24,0%-.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media global nos hotéis e pensións da cidade. En particular, cae un 17% para situarse levemente por encima de 2,2 noites –a terceira cifra máis alta dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce un incremento da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas sobe un 21,5% en relación ao pasado ano, con algo máis de mil prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón case 200 prazas máis que en agosto de 2019-. Neste sentido Ferrol ten un comportamento atípico e diferente á maioría dos destinos urbanos de Galicia pois neste mes de agosto consegue incrementar o número de prazas hoteleiras dispoñibles en relación ao mesmo período do pasado ano.
- O descenso da demanda prodúcese, por tanto, nun contexto de incremento da oferta dispoñible, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 71,4% en agosto do pasado ano ao 47,1% actual-. A perda supera os 24 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na media dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Mes de agosto 2015-20



VERÁN 2020

- Neste verán rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ferrol respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 16,7% e o volume de noites un 27,9%, porcentaxes inferiores ás da media dos destinos urbanos de Galicia.
- Esta notable caída contrasta co incremento rexistrado no pasado ano e tamén coa serie positiva que se viña observando en anos anteriores, de 2015 a 2017. Tal circunstancia deixa o nivel final deste verán en máis de 25 mil noites –a cifra máis baixa de cando menos esta década-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante –que mantén a tendencia negativa dos dous anos anteriores- acadando preto de 12 mil.
- O descenso da demanda prodúcese tanto no mes de xullo –cunha caída do 33%- coma en agosto –cun 24% neste caso-. O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo nos dous meses do verán aínda que mellora levemente en agosto.
- Neste período o 85% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 15% restante é de orixe internacional.
- Neste verán obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 20% o turismo de ámbito nacional e do 40% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora levemente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 81% do total das noites hoteleiras no verán de 2019 ao 85% actual –a porcentaxe máis elevada dos últimos anos-.
- A estadia media hoteleira descende neste verán –nun 13,5%- para situarse preto de 2,2 noites – unha das cifras máis elevadas dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto de certa estabilidade da oferta dispoñible. Ambos factores levan a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 62,8% no verán do pasado ano ao 42,6% deste ano-. Esta porcentaxe sitúase na media dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Verán 2015-20

CONCELLO DE LUGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo

| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|----------------------|------------|---------------|---------------|
| VIAXEIROS | Nº | 11.098 | 18.614 |
| | Var. 20/19 | -52,2% | -52,5% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 17.695 | 29.336 |
| | Var. 20/19 | -54,7% | -56,7% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 1,59 | 1,58 |
| | Var. 20/19 | -5,2% | -8,9% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 38,39% | 33,98% |
| | Var. 20/19 | -35,33 | -30,06 |
| ADR (€) | € | 45,8 € | - |
| | Var. 20/19 | -5,1% | - |
| RevPAR (€) | € | 18,9 € | - |
| | Var. 20/19 | -47,5% | - |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|-------------------------------|------------|---------------|---------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 10.388 | 17.454 |
| | Var. 20/19 | -47,6% | -47,4% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 710 | 1.160 |
| | Var. 20/19 | -79,1% | -80,5% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 16.463 | 27.494 |
| | Var. 20/19 | -51,7% | -53,0% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 1.232 | 1.842 |
| | Var. 20/19 | -75,3% | -80,0% |

AGOSTO 2020

- No pasado mes de agosto rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Lugo. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 52% e o volume de noites un 55% en relación ao mesmo período do pasado ano, porcentaxes case equivalentes ás rexistradas noutros destinos como A Coruña e que se sitúan por encima da media dos destinos urbanos da comunidade.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto covid19 con pequenos gromos a nivel autonómico e estatal, contrasta co incremento rexistrado no pasado ano –de case o 20%- mais da continuidade ás caídas observadas en agosto de 2018. Mantense unha tendencia de irregularidade, acentuada por este escenario covid, que sitúa o nivel final deste mes de agosto en preto de 18 mil noites –a cifra máis baixa de cando menos esta década-.


- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores e coloca o nivel final levemente por encima dos 11 mil.
- Neste mes o 93% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que tan só o 7% restante é de orixe internacional.
- Neste mes de agosto obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 52% o turismo de ámbito nacional e do 75% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 87% do total das noites hoteleiras en agosto do pasado ano ao 93% actual.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadía media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, cae un 5,2% para situarse en 1,6 noites –a cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 12,5% en relación ao pasado ano, con preto de 1.500 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón 200 prazas menos que en agosto de 2019-.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 73,7% en agosto do pasado ano ao 38,4% deste ano-. A perda supera os 35 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano por debaixo da media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste segundo mes do verán –un 5,1% en particular- situándose en 45,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 47,5% para situarse en 18,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Lugo. Mes de agosto 2012-20



VERÁN 2020

- No pasado verán rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Lugo respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 53% e o volume de noites un 57%, porcentaxes case equivalentes ás de, por exemplo, a cidade de A Coruña e que se sitúan por encima da media dos destinos urbanos da comunidade.
- Esta notable caída contrasta co incremento rexistrado no pasado ano e tamén coa serie positiva que se viña observando en anos anteriores, de 2015 a 2017. Tal circunstancia deixa o nivel final deste verán en máis de 29 mil noites –cifra que se sitúa en mínimos da serie histórica-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores, acadando preto de 19 mil.
- O descenso da demanda prodúcese tanto no mes de xullo –cunha caída do 59%- coma en agosto –cun 55% neste caso-. O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo nos dous meses do verán.
- Neste período o 94% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 6% restante é de orixe internacional.
- Neste verán obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 53% o turismo de ámbito nacional e do 80% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 86% do total das noites hoteleiras no verán de 2019 ao 94% actual –a porcentaxe máis elevada da serie histórica pois nunca antes superara o 90% de peso total-.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, cae un 8,9% para situarse en preto de 1,6 noites –a cifra máis baixa dos últimos cinco anos e, en paralelo, a máis baixa dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. O volume de prazas ofertadas cae un 24% en xullo e un 12,5% en agosto, con máis de 200 prazas de diferenza respecto das cifras do pasado ano 2019.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 64,1% no verán do pasado ano ao 34,0% deste ano-. É a porcentaxe máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Lugo. Verán 2012-20

CONCELLO DE OURENSE

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense

| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|----------------------|------------|---------------|---------------|
| VIAXEIROS | Nº | 11.160 | 17.846 |
| | Var. 20/19 | -34,8% | -42,0% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 18.321 | 29.404 |
| | Var. 20/19 | -39,8% | -44,3% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 1,64 | 1,65 |
| | Var. 20/19 | -7,7% | -4,0% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 48,86% | 43,72% |
| | Var. 20/19 | -24,40 | -20,22 |
| ADR (€) | € | 57,8 € | - |
| | Var. 20/19 | 0,2% | - |
| RevPAR (€) | € | 29,4 € | - |
| | Var. 20/19 | -34,4% | - |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|-------------------------------|------------|---------------|---------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 10.240 | 16.326 |
| | Var. 20/19 | -29,8% | -37,9% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 920 | 1.520 |
| | Var. 20/19 | -63,7% | -66,1% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 16.924 | 26.902 |
| | Var. 20/19 | -36,4% | -41,3% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 1.397 | 2.502 |
| | Var. 20/19 | -63,5% | -64,2% |

AGOSTO 2020

- No pasado mes de agosto rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 35% e o volume de noites un 40% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes que se sitúan na media de Galicia pero por debaixo da media dos destinos urbanos da comunidade.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto covid19 con pequenos gromos a nivel autonómico e estatal, contrasta cos incrementos rexistrados nos dous últimos anos –do 5% en agosto de 2018 e do 20% en 2019–, e deixa o nivel final de demanda en algo máis de 18 mil noites –unha das cifras máis baixas dos destinos urbanos de Galicia, xunto con Lugo e Ferrol–.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe coa serie de anos anteriores e coloca o nivel final levemente por encima dos 11 mil.

- Neste mes o 92% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que tan só o 8% restante é de orixe internacional.
- En agosto obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 36% o turismo de ámbito nacional e do 64% o internacional –porcentaxes semellantes á media de Galicia-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 87% do total das noites hoteleiras en agosto do pasado ano ao 92% actual.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadía media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, cae un 7,7% para situarse levemente por encima de 1,6 noites –a segunda cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia, moi semellante á rexistrada en Lugo-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 7,3% en relación ao pasado ano, con 1.200 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón 100 prazas menos que en agosto de 2019-. Neste sentido Ourense é unha das cidades que mellor conseguiu recuperar e poñer no mercado o nivel de oferta habitual da cidade neste contexto de crise.
- O descenso da oferta é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 73,3% en agosto do pasado ano ao 48,9% deste ano-. A perda supera os 24 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras mantéñense estables neste segundo mes do verán –nun sentido estrito soben unha décima- situándose en 57,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de estabilidade das tarifas hoteleiras. Tal circunstancia leva a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 34,4% para situarse en 29,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.


Noites hoteleiras no concello de Ourense. Mes de agosto 2012-20



VERÁN 2020

- Neste verán rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 42% e o volume de noites un 44%, porcentaxes inferiores ás da media dos destinos urbanos de Galicia.
- Esta notable caída contrasta co incremento rexistrado no pasado ano e tamén coa serie positiva que se viña observando en anos anteriores, de 2014 a 2016. Tal circunstancia deixa o nivel final deste verán en máis de 29 mil noites –a cifra máis baixa de cando menos esta década-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe coa serie de anos anteriores, acadando máis de 17 mil.
- O descenso da demanda prodúcese tanto no mes de xullo –cunha caída do 50%- coma en agosto –cun 40% neste caso-. O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo nos dous meses do verán aínda que mellora levemente en agosto.
- Neste período o 91% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 9% restante é de orixe internacional.
- Neste verán obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 41% o turismo de ámbito nacional e do 64% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore levemente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 87% do total das noites hoteleiras no verán de 2019 ao 91% actual –a porcentaxe máis elevada da serie histórica pois nunca antes superara o 90% de peso total-.
- A estadia media hoteleira descende por segundo ano consecutivo –un 4,0% tanto no verán do pasado ano como agora en 2020-, circunstancia que deixa o nivel final en 1,65 noites –unha décima menos que no verán de 2018-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. O volume de prazas ofertadas cae un 26,5% en xullo e un 7,3% en agosto.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 64,0% no verán do pasado ano ao 43,7% deste ano-. Esta porcentaxe sitúase na media dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Ourense. Verán 2012-20



CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|----------------------|------------|---------------|---------------|
| VIAXEIROS | Nº | 12.411 | 20.591 |
| | Var. 20/19 | -32,8% | -37,0% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 25.685 | 42.155 |
| | Var. 20/19 | -29,1% | -35,1% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 2,07 | 2,05 |
| | Var. 20/19 | 5,5% | 2,9% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 61,07% | 50,21% |
| | Var. 20/19 | -26,91 | -28,66 |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|-------------------------------|------------|---------------|---------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 11.011 | 18.379 |
| | Var. 20/19 | -13,5% | -18,7% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 1.400 | 2.212 |
| | Var. 20/19 | -75,6% | -70,3% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 23.504 | 38.521 |
| | Var. 20/19 | -17,5% | -15,8% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 2.181 | 3.635 |
| | Var. 20/19 | -71,8% | -66,2% |

AGOSTO 2020

- No pasado mes de agosto rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 33% e o volume de noites un 29% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes pero inferiores ás da maior parte dos destinos urbanos de Galicia –só Ferrol ten unha caída de menor intensidade-.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto covid19, contrasta co incremento rexistrado no pasado ano –do 25,1%- mais vai na liña do descenso de 2018 –do 9,6%- . Son, por tanto, tres anos de comportamento irregular que sitúan o nivel deste mes de agosto preto das 26 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos cinco anos-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso neste mes que coloca o nivel final por encima dos 12 mil.
- Neste mes o 91,5% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 8,5% restante é de orixe internacional.


- En agosto obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 17,5% o turismo de ámbito nacional e do 71,8% o internacional –porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 78,7% do total das noites hoteleiras en agosto do pasado ano ao 91,5% actual. A diferenza supera os doce puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na máis elevada da serie –nunca antes o segmento nacional superara o 90% de peso total da demanda-.
- Neste contexto negativo mellora a estadía media nos hoteis e pensións da cidade, por segundo ano consecutivo –nun 5,5% neste mes-, situándose preto de 2,1 noites –a cifra máis elevada dos últimos catro anos-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se produce un incremento da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas sobe un 3,0% en relación ao pasado ano, con algo máis de 1.300 prazas de media mensual. Neste sentido Pontevedra ten un comportamento atípico e diferente á maioría dos destinos urbanos de Galicia.
- O descenso da demanda prodúcese, por tanto, nun contexto de incremento da oferta dispoñible, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 88,0% en agosto do pasado ano ao 61,1% actual-. A perda achégase aos 27 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na máis elevada dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Mes de agosto 2015-20



VERÁN 2020

- Neste verán rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Pontevedra respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 37% e o volume de noites un 35%, porcentaxes inferiores á media de Galicia.
- Esta notable caída contrasta co incremento rexistrado no pasado ano e tamén coa serie positiva que se viña observando en anos anteriores, de 2015 a 2017. Tal circunstancia deixa o nivel final deste verán en máis de 42 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos cinco anos-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante –que contrasta cos incrementos consecutivos dos anos anteriores- acadando máis de 20 mil neste caso.
- O descenso da demanda prodúcese tanto no mes de xullo –cunha caída do 43%- coma en agosto –cun 29% neste caso-. O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo nos dous meses do verán aínda que mellora levemente en agosto.
- Neste período o 91% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 9% restante é de orixe internacional.
- Neste verán obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes pero de diversa intensidade, do 16% o turismo de ámbito nacional e do 66% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora levemente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 81% do total das noites hoteleiras no verán de 2019 ao 91% actual –a porcentaxe máis elevada dos últimos anos-.
- A estadia media hoteleira incrementábase neste verán –nun 2,9%- para situarse en 2,05 noites – unha das cifras máis elevadas dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto de certa estabilidade da oferta dispoñible. Ambos factores levan a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 78,9% no verán do pasado ano ao 50,2% deste ano, porcentaxe superior á media dos destinos urbanos de Galicia-.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Verán 2015-20

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Compostela

| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|----------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS | Nº | 48.447 | 77.401 |
| | Var. 20/19 | -52,8% | -58,9% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 89.519 | 143.849 |
| | Var. 20/19 | -52,7% | -58,9% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 1,85 | 1,86 |
| | Var. 20/19 | 0,1% | -0,1% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 44,49% | 38,98% |
| | Var. 20/19 | -31,00 | -30,88 |
| ADR (€) | € | 67,5 € | - |
| | Var. 20/19 | -16,3% | - |
| RevPAR (€) | € | 29,9 € | - |
| | Var. 20/19 | -51,8% | - |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|-------------------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 41.297 | 65.305 |
| | Var. 20/19 | -35,1% | -41,8% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 7.150 | 12.096 |
| | Var. 20/19 | -81,6% | -84,1% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 77.699 | 123.007 |
| | Var. 20/19 | -37,6% | -43,4% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 11.820 | 20.842 |
| | Var. 20/19 | -81,8% | -84,3% |

AGOSTO 2020

- No pasado mes de agosto rexístrase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Compostela. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados e o número de noites un 53%, porcentaxe importante que se sitúa entre as máis elevadas dos destinos urbanos de Galicia –e por encima da media da comunidade-.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto covid19 con pequenos gromos a nivel autonómico e estatal, acentúa a dinámica negativa que se viña observando nos tres últimos anos. Neste sentido é o cuarto ano consecutivo no que descende a demanda hoteleira no mes de agosto en Compostela, tendencia que leva a rexistrar neste ano máis de 89 mil noites –cifra que se sitúa en mínimos da serie histórica-.
- En termos de viaxeiros aloxados o descenso sitúa o volume final en máis de 48 mil.


- Neste mes o 87% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 13% restante é de orixe internacional.
- En agosto obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes pero de diferente intensidade -do 38% o turismo de ámbito nacional e do 82% o internacional-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 66% do total das noites hoteleiras en agosto do pasado ano ao 87% actual. Acontece o contrario co turismo internacional que perde neste ano máis de 20 puntos no seu peso sobre o total da demanda.
- Neste contexto negativo a estadía media mantense estable en 1,85 noites, circunstancia que rompe dalgunha maneira coa dinámica de crecemento que viña rexistrando desde o 2016.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 17,5% en relación ao pasado ano, con preto de 6.400 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón case 1.400 prazas menos que en agosto de 2019-.
- O descenso da oferta é en todo caso inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 75,5% en agosto do pasado ano ao 44,5% deste ano-. A perda é de 31 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na segunda máis baixa dos destinos urbanos de Galicia –só por diante da cifra de Lugo-.
- As tarifas hoteleiras descenden neste segundo mes do verán –nun 16,3% en particular- situándose en 67,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambos factores levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 51,8% para situarse en 29,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Compostela. Mes de agosto 2012-20



VERÁN 2020

- Neste verán rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Compostela respecto do mesmo período do pasado ano. En particular, tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites descende nun 59% -a porcentaxe máis elevada dos destinos urbanos de Galicia-.
- Esta notable caída da continuidade á tendencia negativa que se viña observando desde o 2017, con descenso de intensidade variable pero inferiores aos de este 2020. Son, por tanto, catro anos consecutivos de comportamento negativo que deixa o nivel final deste verán en mínimos da serie histórica con preto de 144 mil noites.
- En termos de viaxeiros aloxados o descenso deste ano coloca o nivel final en máis de 77 mil.
- O descenso da demanda prodúcese tanto no mes de xullo –cunha caída do 66%- coma en agosto –cun 53% neste caso-. O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo nos dous meses do verán aínda que mellora levemente en agosto.
- Neste período o 85,5% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 14,5% restante é de orixe internacional.
- Ambos segmentos de mercado presentan caídas importantes neste verán, do 43% o turismo de ámbito nacional e do 84% o internacional –porcentaxe referida ás pernoctacións-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora levemente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 62% do total das noites hoteleiras no verán de 2019 ao 85,5% actual –a porcentaxe máis elevada da serie histórica, e con diferenza, pois nunca antes superara o 70% de peso total-. Acontece o contrario co segmento internacional, que perde 23 puntos de peso no mercado hoteleiro da cidade.
- A estadía media hoteleira mantense estable logo de subir e mellorar de forma consecutiva nos catro últimos anos, de 2016 a 2019. Fica, por tanto, en preto de 1,9 noites –unha das cifras máis baixas dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. O volume de prazas ofertadas cae un 31% en xullo –con 2.400 prazas menos- e un 17,5% en agosto –cun descenso de case 1.400 prazas neste caso.
- Este descenso é inferior en todo caso ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 69,9% no verán do pasado ano ao 39,0% deste ano-. Esta porcentaxe sitúase por debaixo da media dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Compostela. Verán 2012-20

CONCELLO DE VIGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo

| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|----------------------|------------|---------------|----------------|
| VIAXEIROS | Nº | 25.612 | 45.489 |
| | Var. 20/19 | -47,9% | -50,8% |
| PERNOCTACIÓNS | Nº | 73.668 | 123.746 |
| | Var. 20/19 | -39,9% | -45,3% |
| ESTADIA MEDIA | Nº | 2,88 | 2,72 |
| | Var. 20/19 | 15,3% | 11,1% |
| OCUPACIÓN (%) | % | 51,46% | 44,45% |
| | Var. 20/19 | -29,01 | -30,22 |
| ADR (€) | € | 70,3 € | - |
| | Var. 20/19 | -9,8% | - |
| RevPAR (€) | € | 38,8 € | - |
| | Var. 20/19 | -42,4% | - |


Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

| | | Agosto 2020 | Verán 2020 |
|-------------------------------|------------|---------------|---------------|
| VIAXEIROS NACIONAIS | Nº | 21.377 | 37.589 |
| | Var. 20/19 | -35,8% | -40,6% |
| VIAXEIROS ESTRANXEIROS | Nº | 4.235 | 7.900 |
| | Var. 20/19 | -73,4% | -72,9% |
| PERNOCT. NACIONAIS | Nº | 62.003 | 98.763 |
| | Var. 20/19 | -31,9% | -40,6% |
| PERNOCT. ESTRANXEIROS | Nº | 11.665 | 24.983 |
| | Var. 20/19 | -63,1% | -58,5% |

AGOSTO 2020

- No pasado mes de agosto rexístrase igualmente un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Vigo. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 48% e o volume de noites un 40% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes que se sitúan na media de Galicia pero por debaixo da media dos destinos urbanos da comunidade, cun comportamento semellante ao rexistrado no caso de Ourense.
- Esta notable caída contrasta co incremento observado no pasado ano 2019 –do 8,4%– mais vai na liña do descenso rexistrado en 2018. Obsérvase, por tanto, unha dinámica irregular da demanda hoteleira en Vigo neste segundo mes do verán que leva a rexistrar neste ano preto de 74 mil noites –cifra que supón un mínimo da serie histórica–. Con todo, Vigo rexistra o segundo dato máis alto dos destinos urbanos de Galicia –só por detrás de Santiago–.

- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase un descenso por terceiro ano consecutivo, acadando preto de 26 mil neste caso.
- Neste mes o 84% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 16% restante é de orixe internacional.
- En agosto obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes aínda que de diversa intensidade -do 32% o turismo de ámbito nacional e do 63% o internacional-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 74% do total das noites hoteleiras en agosto do pasado ano ao 84% actual –con dez puntos de mellora que perde, en paralelo, o segmento internacional-.
- Neste contexto negativo rexístrase un incremento da estadía media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, sobe por segundo ano consecutivo -un 15,3% neste 2020- para situarse en 2,9 noites –a cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 4,3% en relación ao pasado ano –a porcentaxe máis baixa das cidades de Galicia-, con preto de 4.600 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón 200 prazas menos que en agosto de 2019-. Neste sentido Vigo é unha das cidades que mellor conseguiu recuperar e poñer no mercado o nivel de oferta habitual da cidade neste contexto de crise.
- O descenso da oferta é obviamente inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 80,5% en agosto do pasado ano ao 51,5% deste ano-. A perda sitúase nos 29 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na segunda máis elevada dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden neste segundo mes do verán –nun 9,8% en particular- situándose en 70,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Tal circunstancia leva a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 42,4% para situarse en 38,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. Mes de agosto 2012-20

VERÁN 2020

- Neste verán rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Vigo respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 51% e o volume de noites un 45%, porcentaxes inferiores ás da media dos destinos urbanos de Galicia.
- Esta notable caída contrasta co incremento rexistrado no pasado ano e tamén coa serie positiva que se viña observando en anos anteriores, de 2013 a 2017. Tal circunstancia deixa o nivel final deste verán en preto de 124 mil noites –a cifra máis baixa de cando menos este século pero que en termos comparativos colócase como a segunda máis alta dos destinos urbanos de Galicia, só por detrás de Santiago-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que da continuidade ás caídas dos dous anos anteriores, acadando máis de 45 mil.
- O descenso da demanda prodúcese tanto no mes de xullo –cunha caída do 52%- coma en agosto –cun 40% neste caso-. O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo nos dous meses do verán aínda que mellora levemente en agosto.
- Neste período o 80% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 20% restante é de orixe internacional.
- Neste verán obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 41% o turismo de ámbito nacional e do 58,5% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore levemente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 73% do total das noites hoteleiras no verán de 2019 ao 80% actual –a porcentaxe máis elevada dos últimos cinco anos-.
- A estadía media hoteleira increméntase por terceiro ano consecutivo –un 11,1% neste verán-, circunstancia que eleva a cifra deste ano a 2,7 noites –dato que supón un máximo histórico na cidade e que supón ademais a cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. O volume de prazas ofertadas cae un 9,3% en xullo e un 4,3% en agosto.
- Este descenso é obviamente inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 74,7% no verán do pasado ano ao 44,5% deste ano-. Esta porcentaxe sitúase dous puntos por encima da media dos destinos urbanos da comunidade.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. Verán 2012-20